



CIRCULAR 150 – 2024

XVII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE MARCHA EN PISTA (INVERNO)

- **A todas as Delegacións da FGA**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, coa colaboración do Concello de Pontevedra, o Campionato Xunta de Galicia de marcha en pista de inverno, a celebrar o 16 de novembro nas pistas do CGTD (Pontevedra).

Art.2).- Poderán intervenir atletas con licenza en vigor pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> con límite ata o luns 11 de novembro ás 20:00 horas.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar os dorsais outorgados pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.6).- Distancias e horario

| APERTURA C. CHAMADAS | PECHE C. CHAMADAS | HORA PROBA | PROBA | CATEGORÍA | SEXO |
|---------------------------------|------------------------------|-----------------------|--------------|---------------------------|-------------|
| 9:40 | 9:50 | 10:00 | 2.000 | Sub 14 | H |
| 9:58 | 10:08 | 10:18 | 2.000 | Sub 14 | M |
| 10:16 | 10:26 | 10:36 | 2.000 | Sub 12 | H |
| 10:34 | 10:44 | 10:54 | 2.000 | Sub 12 | M |
| 10:52 | 11:02 | 11:12 | 1.000 | Sub 10 | H |
| 11:04 | 11:14 | 11:24 | 1.000 | Sub 10 | M |
| 11:17 | 11:27 | 11:37 | 3.000 | Sub 16 | H |
| 11:45 | 11:55 | 12:05 | 3.000 | Sub 16 | M |
| 12:15 | 12:25 | 12:35 | 5.000 | Abs (Sub 18 e superiores) | H |
| 12:55 | 13:05 | 13:15 | 5.000 | Abs (Sub 18 e superiores) | M |



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.7).- Premios

Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as das categorías Sub 10, Sub 12, Sub 14, Sub 16, Sub 18, Sub 20, Sub 23, Absoluta e as diferentes categorías Máster recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de entrega de premios.

- Horario de entrega:

| HORA | PROBAS |
|-------|--------|
| 11:30 | 2000 |
| 12:15 | 1000 |
| 13:00 | 3000 |
| 14:00 | 5000 |

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 03 de outubro de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo